

Entrevista a Alvaro Cunqueiro*

Antón Risco e Ignacio Soldevila

- I.S. *Temos apuntadas unha serie de preguntas e con toda franqueza e liberdade conteste vostede á que lle pete. A primeira e a máis obvia, evidentemente, sería: ¿que entende vostede por Literatura Fantástica e, por exemplo, se vostede establece unha distinción entre o puramente fantástico e outros aspectos relacionados, quizabes, como poderían ser o marabilloso...?*

- Eu teño unha memoria deformante, é dicir, se eu leo agora un texto que me sorprende dalgún xeito, cando o recordo dentro dalgún tempo sinto a invencible necesidade de perfeccionalo, de facelo máis expresivo ou máis significativo. E o mesmo me sucede coa visión xeral do mundo, do home ou da natureza; paréceme que pretendo facer isto máis patente, máis luminoso, máis presente, e aí está a raíz para min da miña literatura fantástica, unha necesidade de engadir, unha necesidade de perfeccionar. Por outra banda, pois, eu creo que a imaxinación non é iso que dicía Lord Dunsany de que a "imaxinación é santidad", pero pouco menos. Son incapaz de ver a vida cotiá, un pouco son incapaz de vela e de facela, e mesmo de vivila. Preciso sempre factores de sorpresa e, quizabes por iso, mesmo na miña propia literatura hai unha enorme cantidade de anacronismos; eu non teño, por exemplo, inconveniente ningún, ó falar de Ulises e de Itaca, en poñer a Ricardo Corazón de León, por exemplo, un personaxe favorito meu, non por Ricardo Corazón de León senón polo sinal que lle deron os trobadores provenzais chamándolle Corazón de León, o Ricardo, o Ricardo real da historia impórtame moi pouco. Por outra banda, isto supón que eu teño decote un devez de creación, necesito crear. Se establezo fronteiras quero que sexan o suficientemente amplas para que eu poda mover o meu mundo de personaxes, de nacións, de cidades, inventalas etc. Non, xa digo, non estou moi preparado nin mentalmente nin moralmente para facer unha literatura da

* A Redacción do *Boletín Galego de Literatura* recibiu a gravación desta conversa, por amabilidade do profesor Antón Risco, no mes de xullo do ano que corre. A entrevista realizouse na casa viguesa de Cunqueiro no mes de xuño de 1978 e levouse a cabo en español. Nela, estaba presente tamén Annie Gossuin. Nós transcribímola case enteiramente e traducímola ó galego, deixando soamente fóra destas páxinas aqueles aspectos que nos pareceron menos relevantes e que, doutra banda, estaban claramente á marxe do que foi o obxecto-cerne da conversa. O Consello de Redacción quere expresar o seu agradecemento ós entrevistadores de Cunqueiro por termos proporcionado a ocasión de dar a coñecer en galego tan precioso documento inédito.

vida cotiá, moito menos iso que se chamou “a novela social”, da que eu non entendo absolutamente nada e que non me preocupa e nin son sequer quen de lela.

- A.R. *Con esa teima de creación total, como acabas de dicir, xustificas o anacronismo, que é constante na túa literatura. ¿Responde entón ese anacronismo a tal afán de refacer, digamos, de compensar, dalgún xeito, o mapa cultural do lector?*

Responde, si, sen dúbida ningunha. E non só o mapa cultural senón mesmo o home, os mil rostros do home, a enorme variedade de apetencias. Paréceme que un home debería telas todas. A miña literatura moitas veces é un pouco pirandelliana, é dicir, todos teñen moitas caras, todos teñen diversos aspectos, os máis estraños comportamentos, por acumulación unhas veces, por substitucións outras, etc. Por exemplo, no Ulises, xa que falamos antes, eu fago aparecer a Ulises unhas veces coma Agamenón nun momento determinado e noutras como Amadís de Gaula, porque me parece que era boa a entrada, en fin, paréceme que era necesario, para dicir un pouco o aspecto sentimental de Ulises.

- A.R. *¿Ti non atopas que neste anacronismo tan sistemático, por exemplo e xa que citaches a Ricardo Corazón de León, un encontro, digamos, de Ricardo Corazón de León cun personaxe calquera do século XX tende a extraviar un pouco ó lector, a destruír nalgunha medida o seu mapa cultural? ¿Non coidas que a consecuencia é que parece que pon dalgún xeito en cuestión a historia da cultura, ó barallar dese xeito como ti fas, un tanto arbitrariamente, os datos culturais?*

Pois eu non o sei, porque eu creo que máis que o mapa cultural o que me preocupa é o home, é dicir, o que me preocupa é predicar do home. Entón, se eu dou, se eu dilucido un pouco sobre este animal tan estraño, o animal máis estraño, que é o home, é evidente que sirvo á miña preocupación humana e isto preocúpame un pouco máis có propio mapa cultural.

- A.R. *Ó que eu me refería é a se esta posta en cuestión da historia da cultura que pode deducirse de todo isto, semella estar confirmada un pouco pola perspectiva irónica.*

Está. É dicir, coido que, á parte de que a ironía sexa un exercicio intelectual de primeira magnitude, eu teño un certo sentido do humor. Suponme un grande esforzo ver o lado trágico das cousas e, aínda no momento máximo da traxedia, paréceme que, tanto ou máis cá purificación polo horror, hai unha purificación polo humor, tamén nun momento dado.

- A.R. *¿Pensas que hai certa determinación galega no teu sentido do humor?*

Haina, sen dúbida ningunha. Eu non penso que isto teña que ver cos celtas, claro, nen que sexamos humoristas por termos unhas pinguiñas de sangue celta, que probablemente non as temos, pero coido que si, debido ó medio campesiño no que me criei, nunha zona de Galicia onde foi recollida a meirande cantidade de romances medievais, como Delgadina, Conde Olinos, ou tódolos que queiras, e romances carolinxiños e artúricos. Unha zona de achados de tesouros: a Diadema de

Ribadeo, o Castrón de Ouro de Lugo, os Torques de Burela e da Recadieira, onde naturalmente se fala moito de tesouros agochados e hai Ciprianillos en tódalas aldeas... En fin, nacín nun contorno un pouco máxico e asemade cheo de humor. Moitos contos de tipo humorístico con personaxes animais, etc. Isto formoume moito, sen dúbida ningunha, e mesmo o ambiente familiar. Por exemplo, eu vivín uns anos cunhas tías miñas, vellas, un pouco tolas, grandes lectoras de Dickens. O *Picwick* era alí lectura cotiá e eu sabía o ós dez anos. Sabía o *Picwick* de memoria, e ademais examinábanme del: - “¿que día saíu de...?”. “O 27 de de maio de 1817”, etc. E todas estas cousas contribuíron dun xeito moi importante...

- I.S. *¿Vostede tiña, en certo modo, a sensación de ir contra a corrente da súa, non imos chamala, xeración, senón dos escritores do seu tempo en España?*

Non a tiven ó principio, é curioso. Non a tiven porque daquela vivíase nese marasmo e nesa mistificación que foron os anos franquistas, triunfalistas e todo iso. Entón había unha especie de exaltación na prosa, de mistificación e de falsidade esencial na xente que escribía e naqueles amigos meus que eu apreciaba máis como escritores, como Eugenio Montes ou Rafael Sánchez Mazas, Michelena e outra porción de xente. Entón vivíase nun mundo un pouco mistificado e a un parecíalle que as súas mistificacións era o que se levaba; de súpeto, decátaste de que ti estás facendo algo á parte, e un bo día sorprendeste facendo algo que non están facendo os máis. Entón, tomas conciencia e, sobre todo cando despois empeza nos anos cincuenta o da novela social e estas tonterías, decátaste de que ademais deixáronche só, que se escriben libros sobre literatura na que non se citan os meus libros, nin aparece o meu nome para nada e tal, e en cambio ven unha porción de xente e de libros raros etc. Entón un decátase, claro, de que está só, de que vai por outro camiño, de que, doutra banda, en fin, un tampouco non perdeu o tempo, de que quizabes este camiño era tan válido coma calquera outro cando vén o da novela hispanoamericana, por exemplo, e todo iso. E cando eu tropezo con xente de por aí fóra, como Italo Calvino, por exemplo, o italiano, e tal, está a facer máis ou menos o que eu fago e isto está ben, claro, ben ...

- I.S. *¿Sentiuse vostede provocado, nalgún momento, por outros como, por exemplo, puido ser o caso de Gonzalo Torrente, tratándoo de incapaz de escribir unha novela?*

Non, non, porque Torrente sempre foi moi amigo meu e dixo iso de que se eu non escribía unha cousa dunha sentada que xa era incapaz de escribila, e cousas destas. Isto é un pouco de vagos recordos que tiña Gonzalo da nosa época de Santiago pero el mesmo sabe, pese a dicilo na súa historia da literatura, que isto é escasamente...

- I.S. *Eu referíame máis ben a provocacións que Gonzalo recibiu, por exemplo, de Zunzunegui, dicíndolle que el era incapaz de escribir unha novela grosa como todo o mundo..., e reaccionou escribindo unha novela de tres tomos.*

Xa, xa, entendín mal. Si, si. Non, nunca.

- I.S. *¿Cre vostede revelar na súa literatura outro tipo de realidade, dirixíndose a un lector, supoñendo que cando vostede escribe, nalgún momento,*

pensa nun posible lector hipotético? ¿Pensa vostede revelarlle outro mundo ou simplemente crear nel unha inquietude?

A cousa é dobre, por exemplo, hai algúns libros meus como *Escola de menciñeiros*, *Tesouros novos e vellos* en galego, e *Xente de aquí e de acolá*....

- A.R. *Unha interrupción, ¿está traducido ó castelán Escola de menciñeiros?*

Non, non, non. Hai tres ou catro *menciñeiros* traducidos nun libro de ... de iso das farmacias raras, de tertulias, que fixo Ancora y Delfín, si, pero non, non, o libro completo non, dende logo, nada máis que dous ou tres retratos para completar a cousa das farmacias prodixiosas.

Pois, ben, por exemplo, nestes libros a min o que me preocupaba era o home galego, é dicir, tanto en *Os menciñeiros* coma en *Xente de aquí e de acolá*, un tipo moi particular, credor, máxico e, ó mesmo tempo, escéptico, racionalista, etc. Entón, dar uns cantos retratos, corenta, en *Xente de aquí e de acolá*, que se traduciu ó castelán co título de *La otra gente*, si, aí hai uns corenta retratos de galegos que a min me parece que, unha vez dados, sabemos un pouco máis do galego cotián, do galego campesiño, coas súas supersticións, palabra que non me gusta moito empregar, e cos seus ritos, as súas crenzas, a súa capacidade de establecer relacións entre o mundo e o trasmundo, o saber que hai cousas visibles e invisibles e que nalgún momento é posible decatarse das relacións entre unhas e outras e mesmo chegar a ver as invisibles. Nestes libros, eu preocupeime un pouco disto, de dar unha imaxe do galego. Por certo que, díxeno sempre e sabes que o dixen, hai unha grande influencia de Don Vicente Risco en moitas cousas, ata en certo sentido do humor ou de ver un tipo determinado, etc. Don Vicente en min influíu moito, en moitísimas cousas, no gusto por moitas cousas. Ben, e, despois, estes outros libros, que son retratos de mundos que a min me parecen, na medida en que eu os transformo, moito máis apetecibles de evocar e de recordar que o que foron en realidade. Eu aquí non me dirixo xa ó lector especificamente galego. Naqueles outros libros galegos, realmente, quería dirixirme ó galego e dun xeito explícito díxeno en *Xente de aquí e de acolá*, na carta prólogo a Domingo García-Sabell. Nestes outros non, non sei, é un pouco a miña propia diversión. Cando escribo estas cousas penso “eu estou a divertirme aquí, agora, escribindo isto, e por riba vanme pagar e, ademais, isto paréceme xa o mellor que se pode facer”, pero non penso eu nun lector determinado. Sen embargo penso, penseino moitas veces, que se houbese vinte escritores coma min, manexando os mundos e as xentes que eu manexo, evidentemente o mundo sería máis rico, máis libre e máis alegre. Un querería, dalgunha maneira, que libros como *Simbad*, *Ulises*, *Orestes* ou calquera outro tivesen isto que poderíamos chamar influencia política.

- I.S. *Mencionaba vostede o anacronismo, ó que aludiu Antón primeiramente, como un dos elementos dos seus textos fantásticos, por chamalos dalgún xeito. ¿Cre vostede recordar outros que sexan igualmente...? Por exemplo, eu pensei no aspecto intencional que está relacionado co anacronismo da inverosimilitude. ¿Ata que extremo a inverosimilitude é un factor cultivado non só no anacronismo senón en tódolos demais elementos deste tipo de novela?*

Pero o curioso é, penso eu, que a utilización do anacronismo nos meus libros tende a dar máis verosimilitude ó relato e non inverosimilitude. Se eu, por exemplo, no *Orestes*, estou a falar de Clitemnestra, que a veñen ver uns alemáns para que faga publicidade dun corsé, paréceme que isto dá un pouco máis de verosimilitude a aquel ambiente de decadencia e de pobreza na que unha cousa deste tipo é recibida como a solución para poder comprar patacas, pan e un pouco de viño. Non sei, paréceme que é contornear un pouco a acción humana, e iso obriga a facela incluso máis comprensible e verosímil.

- A.R. *Entón, ese gusto teu polo anecdótico, polo detalle concreto e falsamente identificador, como o exemplo que acabas de citar, así como pola falsa erudición, de citar, ás veces, libros e textos que non existen, ¿teñen entón, fundamentalmente, para ti unha función de verosimilitude ou teñen outra?*

Teñen, si, sen dúbida, unha función de verosimilitude. En primeiro lugar teñen esta función, debido á propia complexidade da vida, porque tódolos días estamos a ver vidas moi complexas, xente con *hobbys* estraños e cousas así... En fin, para min todo isto, todos estes detalles, todo isto que engado, todos estes puntos concretos en buscar unha autoridade para unha opinión, e ademais unha autoridade inexistente teñen esa función e nisto aprendín moito do meu bispo, Frai Antonio de Guevara, quen dos mil sabios gregos que cita non existiron máis de cento cincuenta, por exemplo, e era bispo, de modo que eu, que non o son, teño, polo tanto, maior liberdade para sacar estes textos e estas cousas. Logo é curioso que eu son un grande lector, que me divirten moito os catálogos de librerías anticuarias, de libros raros e curiosos e hai estes libros españois do XVII e especialmente do XVIII, con eses títulos fachendosos, pomposos, enormes, así: *Teatro de la caña hueca y del reclamo con perdigón* (...) e tal, coas suas músicas, feito por un deán do priorato das ordes militares auténticas, un libro que existe, e a min este tipo de libro encántame, de modo que autorizar unha opinión miña cun libro destes para min é... E logo, se existe o libro verdadeiramente e eu cito algo que dalgún xeito está no libro, eu defórmoo sen dúbida ningunha, fágoo máis expresivo.

- I.S. *¿Así que, contra do que eu dixen, non habería unha intención de inverosimilitude senón unha intención de facer máis verosímil a realidade do texto a partir dunha negación da cronoloxía?*

Si, si, sen dúbida, facéndoo máis complexo.

- I.S. *Tendo en conta o mundo ou a cultura na que vive, ¿como cre vostede que podería considerarse, no que toca á visión do mundo nela vixente: como un integrado, un marxinado ou mesmo un rebelde?*

Non, eu son unha persoa para a cal a vida, vivir a vida, importa moitísimo. Son un dos homes do país que quizabes teñan máis amizades. É dicir, estou moi inserto na vida, e aínda que me coste un certo traballo vivir a vida, a vida cotiá, non, non son un marxinado, nin moito menos, e gustárame, non sei, dalgún xeito non o fixen, quizabes nun par de libros meus que está a punto de saír, dar un pouco do testemuño da miña inserción na vida das xentes do meu tempo, dun tempo que me gusta. É dicir, que a min este é un tempo que me gusta vivir, con tódalas consecuencias.

- I.S. *Por outra banda vostede exerceu funcións moi reais, moi concretas, na vida. E de responsabilidade.*

Exercín, si, e moi a conciencia de que tiñan que ser reais e en malos momentos.

- I.S. *Entón, poderíamos dicir que hai como unha especie de dobre aspecto na súa existencia: a do home de cada día que traballa, coma quen di, nun periódico ou nunha revista, e a do outro, un soñador.*

Hai, sen dúbida.

- I.S. *¿Vostede traballa en creación sobre todo pola noite?*

Non, non. Traballo pola mañá. A min, ás dúas da mañá, caíame de cabeza contra da rotativa. Eu non podo trasnoitar, en grande parte porque, independentemente da hora na que me deite, teño que erguerme sobre as sete ou oito da mañá.

- I.S. *No tocante á visión do mundo, ¿como resumiría vostede o que considera límites, dun lado, vixentes na sociedade actual entre o que poderíamos chamar natural e sobrenatural e, doutro, o que vostede mesmo considera límites entre o natural e o sobrenatural? . A este respecto, ¿a súa opinión é a comunitaria ou diferénciase da maioría?*

Eu son unha persoa cunha imaxinación, cun pensamento nos que interveñen, ou fago intervir decote, como escritor, unha cantidade bastante considerable de factores que podemos chamar sobrenaturais ou non naturais. É dicir, na miña literatura prodúcense decote prodixios ou producense milagres, digamos, prodixiosos. Entón, a min paréceme que o prodixio é necesario e que obedece a leis físicas, como pode obedecer, ¡eu que sei!, a segunda lei da Termodinámica, por poñer unha comparación. De modo que os límites que eu lle poño son escasos, pero é evidente que hai cousas que para min teñen unha enorme importancia e que eu estou sempre do lado delas. Por exemplo, a liberdade humana, os dereitos da persoa humana, a posibilidade do home de se realizar plenamente e de contar para se realizar ou moitas veces realizándose precisamente por elas porque logrou dominar un certo aspecto prodixioso da existencia. É dicir, realmente o que eu quero é que o home viva o misterio cunha certa vivacidade e cunha enorme liberdade.

- I.S. *E con respecto á ortodoxia relixiosa ¿como se sitúa vostede?*

Eu son un católico, podíamos dicir, preconiliar, nacido nunha vella cidade episcopal na que os coengos tiñan uns ritos, tiñan unha grande importancia, e a festa e as campás e os sermóns do señor maxistrado na catedral, do señor arcediano e tal. O mesmo tempo, nun país de romerías milagreiras e de Santos curadores: San Cosme, unha ermida perdida no monte ou o Conde Santo de Lorenzana, que veu da terra Santa metido nunha barca de pedra, que é hoxe o seu sepulcro, etc... De xeito que, para min, é inseparable a ortodoxia miña católica -que son católico e católico practicante- da Lenda Dourada. ¡Vaia!, eu creo que San Xurxo matou o dragón e que San Cristobo estaba nun río para pasar mesmo co seu carro de bois ás súas costas, etc.

- I.S. *Cre vostede, nese sentido, que, como teño oído dicir a certos amigos africanos, a supresión do latín como lingua ritual causou decepción, por exemplo, no pobo, nas clases máis humildes e máis amigas do misterio.*

Si, si. E non só nas clases humildes senón en moita máis xente. Unha relixión de misterios como é a católica precisa sempre dunha lingua máis arcaica. É evidente que a relixión católica, dentro da súa economía, tiña este grande instrumento que era o latín; o latín -¡boeno!, son xa as *Divinas Palabras*, de Valle-Inclán-, que tiña de seu mesmo un enorme poder dentro do culto e da práctica cotiá. Por Galicia corre un chiste dunha avoa que, unha vez que contratou a misa co cura, díxolle a este: “¡Boeno, eh!, pero unha misa das que vaian de cú e en latín”. É dicir, de cú, de costas ó pobo, e en latín. De modo que eu coido que si. É dicir, isto que dixen antes, unha relixión de misterios precisa dunha lingua misteriosa. Naturalmente, se se vai dicir unha misa en castelán eu quero que se diga unha misa en galego, pero preferiría que non se dixese nin en castelán nin en galego, que se dixese en latín, ¡claro!.

- I.S. *A súa actitude nese sentido quizabes sería minoritaria con respecto ó que pensan as clases cultas.*

E sería, si, sen dúbida, e as incultas. Doutra banda, hai tamén este outro feito que eu teño comprobado aquí, en Vigo: que a xente que vai por primeira vez a unha misa en galego sae emocionada e chora. Por exemplo, Darío Alvarez Blázquez, o médico, e outros. De xeito que hai esas dúas cousas. O ano pasado, por primavera, asistín a unha misa en Avignon con Nestor Luján, en francés. A pobreza da tradución, a falla de poética na tradución dos textos latinos do canon da misa e demais ó francés, ó castelán, ó galego e ó catalán é increíble. É dicir, facer a tradución non é suficiente. Había que dar algo vivo, había que dar un texto vivo sen toda esa pesadez da tradución moitas veces case literal. Estaba moi ben en latín, porque a xente non a entendía, pero iso de “es justo y necesario...”. Entón, non pode dicirse iso hoxe, na misa hai que dicir outra cousa...

- I.S. *Hai certas cuestións límite nas nosas sociedades, por exemplo, os límites entre o individuo, dentro do individuo, que é a existencia dunha conciencia e dunha subconciencia. ¿Cal sería o seu pensar sobre a opinión máis común hoxe na sociedade na que vostede vive? ¿Hai discrepancia entre a opinión máis común e a de vostede? Non sei se me expresei ben.*

Si, si. Eu son un liberal. No ano trinta e un, cando veu a República, non sei quen atopou a Don Pío Baroja, aquí, na rúa, e díxolle: “¡Noraboa!”. “¿Por que?”, respondeu Don Pío, “Porque veu a República, ¿pero entón vostede non é republicano?” E el sen lle dar importancia. “¿É monárquico, entón?”. “Non, non, dixo don Pío, eu son dos do individuo contra do estado”. Ben, eu estou un pouco nisto. Creo que canta menos cantidade de estado exista, canta menos coacción da sociedade e do estado, etc., todo iso é bo. De modo que un está un pouco aboucado diante do estado moderno, e eu quixera, en certo modo, romper ataduras e axudar a facelo máis humano, máis á medida da persoa humana. Non sei se é isto o que me preguntaba ou non.

- I.S. *Eu falaba sobre dos límites entre conciencia e subconciencia individual. Refírome, sobre todo, á responsabilidade esixible a unha persoa que,*

por exemplo, adoita esvaerse bastante dicindo que estes son fenómenos da subconsciencia dos que un non é responsable, e por conseguinte... ¿Entende o que lle quero dicir?

Coido que un é perfectamente responsable e que ten a obriga de responsabilizarse tanto do consciente coma do subconsciente, sen dúbida ningunha.

- I.S. Pero nisto, ¿cre vostede que é esta a opinión máis común hoxe en día?

Non, non. A opinión máis común é a dos que nos tratan de escritores de evasión, para se evadir eles co menor pretexto e por calquera lado.

- I.S. ¿Observou vostede nestes últimos anos, na España, unha, digamos, relaxación do sentido da responsabilidade individual?

Observei, si, sen dúbida ningunha, total, tanto na clase política coma na clase intelectual e nos críticos, críticos literarios ou críticos de arte, etc. Estes últimos porque temen que lles pase por diante dos narices o impresionismo francés sen se decatar de que pasou, ou que lles pase Picasso sen se enteirar. Entón están dispostos a aceptalo todo. Á clase política pásalle o mesmo, ninguén quere ser tachado de antidemocrático, e entón, en nome desa cousa que se chama democracia, que serve para todo, están dispostos a aceptalo todo... E, si, claro, hai unha verdadeira relaxación, primeiro, e unha deserción, despois.

- I.S. Por exemplo, nós observamos, incluso nas rúas de Vigo, xente que compraba cigarros sospeitosos cun descaro total.

Si, a avalancha é tremenda. Santiago é algo verdadeiramente increíble. Santiago é a cidade de España, no seu volume, onde se venderon o ano pasado, no curso, máis anticonceptivos para as estudantes universitarias e maior cantidade de mariguana e cousas destas. E logo Vigo. Vigo é un problema socialmente, xa debido á estrutura mesma da sociedade viguesa, unha estrutura de avalancha: os cataláns das conservas, despois dos ourensáns e dos sanabreses do comercio, despois portugueses, etc. Nunca foi unha sociedade moi cohesionada e na que o que importaba era o nivel diñeiro. Hoxe é un desastre, un desastre. Neste momento, teño seis ou sete familias amigas das que fillos ou fillas se lles marcharon da casa pola droga ou cun amigo, etc. Isto, aquí en Vigo, agora, é o pan noso de cada día, na vida matrimonial, en todo. É un verdadeiro desastre.

- I.S. ¿Ten vostede unha explicación ou unha hipótese sobre que puido provocar isto?

Non sei, as explicacións que valen para unha determinada clase social, penso que non valen para outra. Pero, en parte, esta avalancha de pornografía, de películas e de revistas, débese á formación destes pequenos grupos que se chaman de seu "ácratas", e que son os que empezaron a tomar a droga, a fumar e a marcharse de casa, etc., unha especie de herdo do *hippismo*, supoño que é isto. E logo, a irresponsabilidade por parte dos pais, que, de súpeto, descubriron que eles tamén podían facer unha vida de xoldra. Agora a situación é moi grave, é dicir, hai verdadeiramente unha destrución da sociedade.

- A.R. *Entón, eu querría volver atrás. Cando falabas da influencia que exerceu o medio na túa literatura, referíaste á fantasía e á ironía, que son dúas constantes, coido eu, na literatura galega e nos literatos galegos, aínda que sexa en lingua española. ¿O teu xuízo, a que se debe isto, como o explicarías?*

Non o sei, porque unha explicación social, por exemplo, de que nós fómos o *cu de saco* das invasións, que fomos un pobo aí metido contra o Fisterre, obrigado a pactar constantemente co forasteiro que chegaba como invasor, por dicilo así, porque non tiñamos a onde ir, porque logo estaba o océano tenebroso, que non tiñamos a onde saír. Isto que di don Claudio Sánchez Albornoz de que o galego procurou defenderse coa norma xurídica tan pronto puido e co razoamento e que estivo moi lonxe doutras actitudes épicas, por dicilo dalgún xeito, pois isto puido, dende logo, contribuír a facer ó galego astuto, razoador, que cre que as cousas teñen seis ou sete pareceres diferentes, isto tivo que levar forzosamente á ironía e a situacións nas que a ironía era tamén unha arma defensiva, intelectual e mesmo moral, unha xustificación. Pode ser, non sei, é moi difícil. Logo, quizabes un mundo aldeán pechado ó que non chegan novidades de fóra e que sen embargo ten apetito de noticias, tivo que contribuír, en parte, á invención de historias cun desenlace gracioso ou moqueante, isto tamén debeu... O noventa por cen das historias galegas que un pode escoitar nas nosas aldeas teñen todas un desenlace “chusco”, como din os nosos paisanos, cunha descarga da tensión. Aí poden estar, supoño, neste conxunto de cousas e nalgunhas outras, as raiceiras diso que se chama “o humor galego”.

- A.R. *¿Como se compaxina, ó teu xuízo, coa fantasía, co gusto pola fantasía?*

Ben, porque entón eu tamén teño a liberdade para buscar isto, un final “chusco” e unhas situacións. Moitas veces, a historia galega é a historia que che contan, é un contraste entre pobreza e riqueza, faite rir o contraste que hai entre unha cousa e outra. Entón, este gusto dunha situación un pouco rara na que o contraste sexa máis efectivo, por exemplo, pode ser unha explicación, claro.

- A.R. *¿Non pode haber unha base disto tamén na mitoloxía popular galega tradicional, como ti citabas ó teu propósito?*

Pode, si, tamén, sen dúbida ningunha, claro.

- A.R. *Hai un momento puxeche en cuestión a nosa orixe celta. ¿De onde cres ti que procede esta mitoloxía popular galega?*

Non o sei, claro, porque eu o que si creo, por exemplo -e ultimamente lin cousas das mellores que se escribiron sobre disto, como o libro de Mac Culloch e outras cousas- é que aquí non queda nada vivo da mitoloxía doutras rexións celtas, agás que o que haxa nesas rexións sexa o patrimonio común, o folclore europeo ou mundial. De modo que coido que por ese lado non hai nada. O número de celtas que houbo en Galicia foi moi cativo, sempre houbo máis en Teruel e en Avila ca en Galicia. Aquí había uns celtas que xa viñan un pouco mistificados, mestizados, do río Guadiana e por aí adiante, de xeito que non sei, creo que o celtismo é máis ben un fenómeno literario aquí ca cousa ningunha, e que tomou densidade con Pondal,

que foi o último grande escritor europeo que leu o *Ossián*, de Macpherson, claro. E ó galego gustoulle; ó galego gustoulle pertencer a esta raza dos fisterráns, esta raza un pouco errante e misteriosa, sen saber nada dela; esta raza que non foi quen de crear estados; e gustoulle, e hai o bar Celta, hai uns autobuses que se chaman Celta, un club de fútbol que se chama Celta, etc. En cambio, non hai Suevia. Aquí en Vigo houbo unha cafetería, despois Suevia Films, de Cesáreo González, dúas ou tres cousas máis e para de contar: a ninguén se lle ocorreu, a ninguén. Nunca foi popular o suevo e, en cambio, o suevo deixou unha impronta, unha pegada etnograficamente moi considerable na toponimia galega, chea de nomes xermánicos, xa visigóticos, xa suevos, etc.

- A.R. *¿Que outras fontes citarías da túa literatura?. ¿Nomearías algún mestre?*

Unha influencia grande non a atopo. Influíron as miñas lecturas, algunhas feitas moi cedo, como as de Shakespeare ou de Dickens, Frai Antonio de Guevara, porque era bispo do meu pobo e porque había alí as *Epístolas Familiares*, na edición da Biblioteca de Autores Españois, que a lin moi cedo, etc. Logo, si, cousas artúricas tamén, o *Amadís de Gaula*, que para min foi unha enorme sorpresa. Lin case que tantos libros de cabalerías coma don Quixote. Para min foron unha grande sorpresa. Tamén *As mil e unha noites* e moitas cousas máis deste tipo. Foi a miña unha formación coma a de toda a xente do meu tempo, moi anárquica.

- A.R. *E dentro da literatura española, ¿ que exemplos citarías de literatura fantástica que te impresionasen especialmente, que ti valores?*

Non houbo moita literatura fantástica, de modo que, fóra dos libros de cabalerías, fóra do *Amadís*, nada. Gustoume sempre moito a novela picaresca, especialmente cando non era moi filosófica, cando era pura e simple narración, coma o *Lazarillo* e *Guzmán de Alfarache*, claro. Son moi cervantista, son un grande lector do *Quixote*, especialmente hai aí moitas pasaxes que si me importan moito. Mesmo me influíron ás veces no xeito de contar unha historia. Por exemplo, na venta, cando Maritormes di que a ela lle gusta oír ler aquelas pasaxes nas que está a ama co seu cabaleiro debaixo dunha laranxeira e a dona vixiando ..., que é un pouco o *Lanzarote do Lago*. Fun sempre así, un grande lector, e sigo séndoo. Por exemplo, algún outono, non sei por que, en Mondoñedo, comezaba por ler calquera cousa de Shakespeare e para min transformábase nun veneno, tiña que volver a lelo todo, e o mesmo me pasa co *Quixote*: de cando en vez, sinto unha certa necesidade de volver sobre del. Estes días pasados lin unha cousa de Américo Castro e fun ver o *Quixote* e estiven case toda unha noite, outra vez, a ler nel.

- A.R. *¿E exemplos fantásticos doutras literaturas?. Recordo que hai un momento citaches a Lord Dunsany?*

Si, en min influíron, dalgún xeito, os *Contos dun soñador e outras historias* e algunha pequena obra de teatro. Tamén as obras de teatro dos irlandeses: de Yeats, de Lady Augusta Gregory e dalgúns máis, déronme un gusto por un certo mundo fantástico, no que aparece mesturada a superstición ou a morte, a mesma alegría de vivir, a borracheira, etc...

- A.R. *¿Vaste cara ó céltico, a pesar...?*

A pesar de todo, claro. Logo fun, nun período determinado, un grande lector de cousas chinesas. Gustoume un pouco ese tipo de sabio vagabundo, coñecedor de manantiais e de nubes, borrachos pescadores que daban normas de como hai que ver a lúa e de como non hai que humillar as flores, e cousas destas. Tamén..., non sei, fun omnívoro e sen demasiado...

- A.R. *¿E autores como Hoffman, Poe, etc?.*

Si, tamén, agora remato de facer un prólogo para a unha edición de Poe, si, si.

- I.S. *Indo agora a algunhas das súas obras concretamente. Observei a existencia dun tipo de personaxe que adoita repetirse, non cos mesmos rasgos, senón cunha certa función, e eu non me acabo de explicar moi ben. Quería que vostede me explicase se esa función é a que eu penso. Por exemplo, no caso de Sinbad. O Sinbad que fala, o narrador Sinbad, déixanos a impresión de que el mesmo non está moi seguro se é ou non é Sinbad. No caso de Merlín e familia, o narrador, que é un criado, el mesmo non está seguro se o que está contando ocorre realmente ou é o efecto da súa memoria, volta e volta, a volver sobre as mesmas cousas. Este tipo de personaxe que se pon en dúbida a si mesmo, ¿que función ten nos seus textos literarios?*

Si, para min, a función principal, a función principal. Fixaríase que nestes libros, por exemplo, no *Sinbad* e en moitos outros libros meus, o final é a destrución, a caída de todo. Sinbad vólvese cego, ten lagoas: non hai tal nave *Venadita*, non hai estaleiros en Basora, non hai nada, en fin, non hai nin sequera o mar. Pois é un pouco a preparación deste grande desengano final da vida que parece resumir tódalas vidas e que eu creo que dun xeito ou doutro, nun intre dado da súa existencia, todo home ten este momento no que cre que nada foi verdade e que o que el viviu foron momentos de soños e quixo salvarse por medio deles e ó final pois non hai nada. Por exemplo, no *Romeo e Xulieta* que eu meto en *As crónicas do Sochantre*, non sei se se lembran, estase a ler a carta de Romeo a Xulieta. Por fin, queda o papel alí e cando vai a rapaza resulta ser un papel do concello de Crozón e non había nin Romeo, nin memorias, nin lirios: non había nada, claro.

- A.R. *Curioso que a este propósito ó que te refires, a propósito do Sinbad, e penso ó mesmo tempo en Ulises, curioso, digo, que a estes dous grandes viaxeiros os colleses nos dous pólos da existencia: a Ulises na súa mocidade e a Sinbad na súa vellez.*

Non foi premeditado.

- I.S. *Quizabes sexa que tradicionalmente xa Sinbad é o home que conta as súas viaxes, de modo que, loxicamente, ten que estar xa nunha madurez, mentres que Ulises é narrado por un poeta no seu lugar.*

Si, si.

- I.S. *¿Tentouno a vostede algunha vez ou que opinión ten, dentro deste vasto mundo do imaxinario, sobre diso que se adoita chamar, nunha mala traducción, ciencia ficción, que eu preferiría denominar ficción científica?*

Teño unha afillada, filla dun notario de aquí, que é unha obsesionada polos *ovnis* e por toda esta cousa, e eu reacciono un pouco violentamente contra isto, quizabes porque eu pense que estamos sos no Universo e que, se hai outro mundo, onde din que hai vida, bastarán unhas radiacións máis ou menos para que a vida sexa doutra calidade; pero esta combinación terrenal da muller, o viño, a pomba, o trigo, etc., pois non se dará. De xeito que vida si, pero será outra cousa, quizabes por isto eu reacciono un pouco contra todo iso da ciencia ficción, das outras galaxias, das viaxes, etc.

- I.S. *Mesmo vexo que se están metendo algúns curas a facer unha especie de fantasías para interpretar a Biblia. Agora a Revelación é coma unha vinda de...*

Si, si. De xeito que, non, nunca me apeteceron nin son lector de libros de ciencia ficción, sendo por outra parte lector de libros científicos, porque me gusta. É dicir, gústame ler historias da ciencia e algúns problemas importantes de fisioloxía, de botánica, de zooloxía, etc.

- I.S. *Doutra banda, pensaba tamén noutro tipo de literatura máis emparentada, quizabes, coa de vostede, que é a que os franceses chaman "canular", é dicir, a obra de ficción na que un fai unha divertida burla, máis que nada para os amigos eruditos, que están no Segredo.*

Si, por exemplo, hai catro ou cinco anos, *Destino* adicoulle un número extraordinario a Sherlock Holmes. Entón, eu escribín un conto de Sherlock Holmes. Inventei un conto de Conan Doyle, un conto inédito. Iso si que me divirte.

- I.S. *O que non recordo é se firmaba vostede ou levou a broma ó extremo de firmar co nome de Conan Doyle.*

Pois eu quería firmar Conan Doyle e logo en cambio na revista apareceu Alvaro Cunqueiro, cousa que claro, en fin, non era..., porque a miña intención era...

- A.R. *A este propósito houbo xente e hai xente que te compara con Borges.*

Si, é curioso. Temos moitas preocupacións comúns, o mesmo gusto pola lectura do Talmud, a preocupación polos labirintos, pola zooloxía fantástica e por moitas cousas, si. Pero eu creo que hai unha diferenza de fondo esencial. Eu non teño esa pretensión de que haxa nos meus libros unha presenza filosófica case constante que a ten moitas veces Borges, en relación cos seus. Eu recordo, non sei onde anda, pero sería significativo respecto a isto, ter escrito un poema sobre o Golem, que un rabino de Praga fixo, alá polo mil catrocentos sesenta e tantos, e dous ou tres anos despois foi cando nun libro de poemas de Borges atopei co poema do Golem. A diferenza de como vexo eu o Golem e como o ve Borges é enorme. O de Borges é un poema case filosófico, o rabino de Praga pregúntase que pensará Deus daquilo, o gato pasa arripiando o pelo a carón do Golem. O meu non. Era un

Golem que se humanizaba e, ó final, estaba moi tranquilo porque vía sorrir ás mulleres. En fin, é outra cousa. É outro mundo.

Si, ás veces tocamos temas algo parellos, un gusto por certas cousas, pero coido que se equivocan de todo, creo que hai máis relación das miñas historias coas historias de Carpentier, por exemplo, que coas de Borges.

- A.R. *Si, outra xente aproxima a túa obra á de García Márquez, é dicir, a Cen anos de soidade.*

Si, iso tamén o comparte, nalgunha medida, García Márquez, segundo dixo nunha conferencia en Barcelona.

- I.S. *Non sei se tes algo máis que preguntar.*

- A.R. *Non. ¿Queres ti engadir algo, Alvaro?*

Non, pero calquera cousa que se vos ocorra, escribes e eu contesto puntualmente. Son un epistolar maníaco, é dicir, de puntualidade. Contesto curto pero puntual.

Antón Risco
Ignacio Soldevila
Universidade Laval. Quebec